

# Limpeza de Sangue

## O sangue fai ruído

A Tuto e Mariño. A Roberto Vidal Bolaño.

Autor Rubén Ruibal

Reparto por orde de intervención

Clemente	Oswaldo Digón
Fernando	Sergio Zearreta
Don Anselmo	Fernando Morán
Pantaleón	Xavier Pan
Visitador médico	Gari
Don Luis	X. C. Mejuto
Alicia	Teresa Horro
Mucha	Estibaliz Veiga
Inspector Castelo	Rodrigo Roel
Policia	Arturo López
Biocán	"Tito"

Técnico de iluminación

Técnico de son

Deseño e realización escenografía

Deseño de iluminación

Música

Vestuario

Deseño gráfico

Gravación DVD promocional

Fotografía

Maquillaxe

Auxiliar de produción

Producción executiva

Axudante de dirección

Dirección

Del Ruiz

X. L. López "Sacha"

Rodrigo Roel

Eduardo Alonso

Nari García

Rodrigo Roel

Fernando Morán

Pixel Films

Xavier Pan

Ana Coya

Vanessa López

Arturo López, Montserrat M.

Gari

Arturo López

Cando empecei a escribir *Limpeza de Sangue* (o sangue fai ruído) logo da morte de Roberto Vidal Bolaño e o feche de Teatro Do Aquí, fíxeno como unha homenaxe ó mestre e á compañía na que vivín os meus mellores anos no teatro; e fíxeno tamén na busca de respostas que non hai, porque, como dicía un personaxe de Kundera en *A Inmortalidade*, "penso logo existo é a frase dun sabio que subestima a dor de moas".

En *Limpeza de Sangue*, imitando malamente ó mestre Vidal Bolaño, tentei retratar a miña Coruña do boom inmobiliario e puxen o oído en dous personaxes unidos polo cerca que andan do delito, e, sobre todo, polo cerca que andan da dor e da morte. Fernando e Pantaleón, tan distintos os seus mundos, están condenados a compartir unha especie de hospitalario cárcere no que se supón que lle quitan do sangue aquilo que é malo para a supervivencia; e allí ven nacer algo semellante ó mellor invento da historia da humanidade: a amizade.

Así que, mesturando sentimentos e literatura e teatro, amizade e Mark Twain e Vidal Bolaño, tentei facer un xogo de *Doentes* que queren, nos tempos que vivimos, participar nun xogo imposible de *Príncipe e Mendigo*.

Rubén Ruibal, *O Vinte* (Oza dos Ríos), outono de 2010.

En *Espello Cóncavo* cremos que o teatro é un feito vivo e social. O teatro é o espello no que se reflicta a sociedade, un espello que mostra a vida desde distintas perspectivas, con variados enfoques. Pero o teatro non se limita a mostrar, tamén propicia a comunicación e o debate, aporta crítica e diálogo, amosa valores ou denuncia crimes. O teatro é a máis social das artes.

Para que un teatro sexa vivo necesita o contacto coa sociedade, necesita nutrirse desta, das súas características e peculiaridades, proxectarse desde a propia cultura e idiosincrasia ao exterior, ao universal.

Este teatro necesita autores. En Galicia, témolos. Outra cousa é que se representen.

Rubén Ruibal é un claro expoñente do que costa ver aos nosos autores máis novos na escena. Un Premio Alvaro Cunqueiro, un Premio Nacional (español) de Literatura Dramática semellan non ser abondo para subir aos escenarios galegos. Ten que ser agora, cinco anos despois, cando por fin o faga. Digamos... que falou a Xustiza.

*Espello Cóncavo*, cre nos autores galegos. Cremos que hai moitos e moi bos autores nestas novas promocións, xente nova que ven a unirse aos que xa estaban. Cantos acabarán por abandonar a escrita teatral por falta de apoios? Eles son o futuro do teatro galego. Non hai ningún neste país que teña a obriga de axudalos?

Personalmente non sei se a teimosía é unha virtude ou un defecto; pode que sexa ambivalente. O que si sei é que tras esta produción hai moito esforzo e moito amor. E moito agradecemento a Rubén por este fantástico texto e pola amizade que nos brindou a todos os que participamos nesta aventura, que sen el non sería posible.

Arturo López

Agradecementos a:

Gabriela Castro (Concellería de Cultura de Sada), persoal da Casa da Cultura Francisco Lloréns de Sada, Concello de Sada, Hospital Modelo de A Coruña, M<sup>o</sup> Xosé Bravo, Carme, Fran, Miguel (Concellería de Cultura de A Coruña), Iago Martínez, María Delgado Roel, uan Collazo, Olga Vega González, Santi Prego pola magnífica dramaturxia que fixo para a lectura escenificada en Arteria Noroeste.

E que nos desculpen todos aqueles que nos brindaron axuda e afecto para realizar este longo camiño, non os podemos citar a todos porque non caben no papel.



# Limpeza de Sangue

O sangue fai ruído

de Rubén Ruibal

Premio Álvaro Cunqueiro 2006  
Premio Nacional de Literatura 2007

Dirección Arturo López



Avda. Barrié de la Mazza, 30º A • 15160 SADA (A CORUÑA)  
Telfs.: 881 966 249 / 630 053 952 • Correo-e: [espelloconcaivo@espelloconcaivo.com](mailto:espelloconcaivo@espelloconcaivo.com)  
[www.espelloconcaivo.com](http://www.espelloconcaivo.com)